



Proxecto:	Parque eólico As Penizas
Documento:	Resposta do promotor ao informe da Dirección Xeral do Patrimonio Cultural (en diante, DXPC) do 28.12.2022 sobre o Estudo de impacto ambiental (EslA) e Proxecto sectorial (PS).
Localización:	A Estrada, Forcarei e Cerdedo-Cotobade (Pontevedra)
Promotor :	Greenalia Wind Power, SL
Remitente:	Servizo de Enerxía e Minas da Xefatura Territorial de Pontevedra. Vicepresidencia Primeira e Consellería de Economía, Industria e Innovación
S/clave:	IN408A 2017/06
Data rexistro:	04.01.2023
Expediente:	03.I.425.2020.001 (Servizo de Arqueoloxía) IA2957/2020 (Servizo de Arquitectura)

O 04.01.2023 entrou no Rexistro electrónico da Xunta de Galicia un escrito do Servizo de Enerxía e Minas de Pontevedra da Vicepresidencia Primeira e Consellería de Economía, Industria e Innovación polo que se dá traslado da resposta e documentación adicional relativa ao informe sobre o sobre o EslA e o PS do Parque eólico As Penizas, presentada pola entidade promotora, Greenalia Wind Power, SL, o 30.12.2022, en contestación ao informe emitido ao respecto pola DXPC en data de 28.12.2022. Achégase o enlace para descargar a documentación adicional.

ANTECEDENTES E FEITOS:

O 28.12.2022 a directora xeral de Patrimonio Cultural emitiu un informe do EslA e PS do Parque eólico As Penizas (nos concellos da Estrada, Forcarei e Cerdedo-Cotobade, provincia de Pontevedra), no que, despois de examinar a totalidade da documentación remitida e a que constaba na DXPC, considerouse como non compatible coa protección do patrimonio cultural a posición do aeroxerador AE-03, polo que deberá desprazarse fóra do contorno de protección específico do xacemento arqueolóxico Mámoa da Lagoa do medio (cód.GA 36011060).

Asemade a gabiá de cableado proxectada fóra do viario forestal actual deberá desprazarse ao interior do mesmo. A nova localización do aeroxerador AE-03 deberá ter tamén en conta a existencia dun novo petróglifo (GA36018122) nas coordenadas X-550520 e Y-4714145 (ETRS89/UTM F-29). A nova posición debe ser avaliada e informada pola DXPC. Polo que se informa desfavorablemente a posición proposta para este aeroxerador, e as infraestruturas a el asociadas.

Informouse de xeito favorable o resto da proposta do EslA e PS do Parque Eólico As Penizas, tendo en conta as seguintes consideracións e condicións:

- Previo ao inicio das obras será necesario realizar unha intervención arqueolóxica mediante sondaxes manuais que permita comprobar si existen restos arqueolóxicos na área que ocupará a subestación eléctrica e no contorno de protección da Mámoa 1 do Campo das Antas (GA36018040), especialmente, onde está proxectado que se leven a cabo movementos de terras. A tal fin, deberá presentarse un proxecto arqueolóxico axustado ao establecido na Lei 5/2016, do 4 de maio, de patrimonio cultural de Galicia (DOG núm. 92, do 16.05.2016) e no Decreto 199/1997, do 10 de xullo, polo que se regula a actividade arqueolóxica na Comunidade Autónoma de Galicia (DOG núm. 150, do 06.08.1997).
- En todo caso, as obras proxectadas nestas zonas quedarán condicionadas aos resultados da devandita intervención arqueolóxica.
- Independentemente das medidas que se poidan derivar das consideracións anteriores, a totalidade dos traballos de construción do parque eólico realizaranse baixo control e seguimento arqueolóxico, que deberá de ser presencial e continuo nos contornos de protección dos xacementos arqueolóxicos recollidos na documentación patrimonial do EslA e durante a apertura do eixo 3 e os aeroxeradores AE-05, AE-06 e AE-07 e as súas infraestruturas asociadas, debido a alta potencialidade arqueolóxica da zona. A tal fin, e unha vez autorizado o proxecto de execución do parque eólico, os traballos de construción do parque eólico realizaranse baixo control e seguimento arqueolóxico; a tal fin, e previo ao inicio dos mesmos, deberá presentarse un proxecto arqueolóxico axustado ao establecido na Lei 5/2016, do 4 de maio, de patrimonio cultural de Galicia (DOG núm. 92, do 16.05.2016) e no Decreto 199/1997, do 10 de xullo, polo que se





regula a actividade arqueolóxica na Comunidade Autónoma de Galicia (DOG núm., 150, do 06.08.1997). O devandito proxecto terá en conta as medidas correctoras sinaladas na documentación patrimonial do EsIA e tódalas consideracións feitas nos informes da DXPC. No caso de que se constate a existencia de restos arqueolóxicos, primarase a conservación dos mesmos.

- Os contornos de protección dos elementos catalogados do patrimonio cultural, deberán quedar libres de tránsito de maquinaria e do amoreamento de materiais.
- O EsIA e o PS incorporarán as modificacións propostas, así como as contidas no presente informe.
- O proxecto sectorial, como instrumento de ordenación do territorio, deberá incluír no texto e na planimetría de clasificación urbanística proposta, tanto os bens patrimoniais identificados na avaliación de impacto sobre o patrimonio cultural que non estean protexidos polo planeamento (co seus contornos de protección) como as modificacións que se derivan da documentación patrimonial recollida no EsIA. Á espera das delimitacións de protección específicas, os contornos de protección definiranse de acordo co art. 38 da Lei 5/2016, do 4 de maio, de patrimonio cultural de Galicia.
- Os concellos de Cerdedo-Cotobade e Forcarei deberá incluír os novos bens patrimoniais no seu catálogo de bens culturais.
- Os cambios solicitados, terán que ser informados de novo pola DXPC.

Toda vez que este informe se emite dentro do trámite ambiental, cómpre sinalar que de acordo cos artigos 39 e 45 da Lei 5/2016, do 4 de maio, do patrimonio cultural de Galicia, as intervencións que se pretendan realizar en bens de interese cultural ou catalogados, así como no seu contorno de protección ou zona de amortecemento, terán que se autorizadas pola consellería competente en materia de patrimonio cultural e a estes efectos, o promotor ou o concello previa concesión de licenza deberá remitir o correspondente proxecto técnico.

CONSIDERACIÓNS LEGAIS E TÉCNICAS:

Lexislación aplicable en relación co patrimonio cultural:

- Lei 5/2016, do 4 de maio, de patrimonio cultural de Galicia (DOG núm. 92, do 16.05.2016)
- Lei 7/2008, do 7 de xullo, de Protección da Paisaxe de Galicia (DOG núm. 139, do 18.07.2008)
- Decreto 19/2011, do 10 de febreiro, polo que se aproban as Directrices de Ordenación do territorio de Galicia (DOG núm. 36, do 22.02.2011)
- Lei 21/2013, do 9 de decembro, de avaliación ambiental (BOE núm. 296, do 11.12.2013)
- Lei 9/2018, de 5 de decembro, pola que se modifica a Lei 21/2013 de 9 de decembro de avaliación ambiental, a Lei 21/2015 de 20 de xullo, pola que se modifica a Lei 43/2003, de 21 de novembro, de Montes e a Lei 2/2005, de 9 de marzo, pola que se regula o réxime de comercio de emisións de gases de efecto invernadoiro (BOE núm. 294, do 06.12.2018)
- Decreto 83/2018, do 26 de xullo, polo que se aproba o Plan básico autonómico de Galicia (DOG núm. 162, do 27.08.2018)
- Decreto 199/1997, do 10 de xullo, polo que se regula a actividade arqueolóxica na Comunidade Autónoma de Galicia (DOG núm. 150, do 06.08.1997)
- Lei 1/2021, de 8 de xaneiro, de ordenación do territorio de Galicia. (DOG do 14.01.2021)
- Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do solo de Galicia (DOG do 19.02.2016)
- Decreto 73/2022, de 25 de maio, polo que se establece a estrutura orgánica das vicepresidencias e das consellerías da Xunta de Galicia (DOG núm. 101, do 27.05.2022).
- Decreto 119/2022, do 23 de xuño, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades. (DOG núm. 126, do 04.07.2022)

Á vista da documentación remitida, e en relación co patrimonio cultural, tense en conta o expresado nos informes dos servizos técnicos:



Análise da documentación:

En resposta ao citado informe da DXPC, e no relativo ao ditame desfavorable da posición do aeroxerador AE-03, a entidade promotora indica que para cumprir o requirido no segundo informe da DXPC ao parque eólico As Penizas -emitido o 28.12.2022-, no relativo á resituación do aeroxerador AE-03 fóra da área de cautela do xacemento arqueolóxico da Mámoa da Lagoa do Medio (cód.GA36011060) -delimitada no PXOM do Concello de Cerdedo-Cotobade-, e mais da área de cautela do xacemento arqueolóxico Petróglifo da Lagoa do Medio (cód.GA36018122), expónse unha solución final na que se elimina o devandito aeroxerador AE-03 ao non poder recolocarse este fóra das devanditas áreas de cautela e, de vez, cumprir coas distancias regulamentarias con respecto á subestación. Xa que logo, o Parque eólico As Penizas quedaría constituído por seis aeroxeradores SG 145 de 5,2 MW de potencia unitaria para unha potencia total de 31,2 MW.

Ademais, para cumprir co outro requirimento recollido no devandito informe da DXPC, referido ao trazado dunha das canalizacións subterráneas, modifícase o trazado da mesma para discorrer polo interior da pista forestal existente mentres o mesmo se localice dentro das áreas de cautela dos xacementos arqueolóxicos ibndicados, Mámoa da Lagoa do Medio (cód.GA36011060) e Petróglifo da (cód.GA36018122), discorrendo desta maneira por terreos xa alterados e removidos.

Estas modificacións non implican modificacións no que respecta aos viais, cimentacións e plataformas proxectados, agás, loxicamente, o que respecta a eliminar o aeroxerador e reproxectar a canalización eléctrica mencionados, xa que o modelo de aeroxeradores é o mesmo que se dispoñía na alternativa final, variando unicamente no rango de potencia que alcanza, chegando na nova solución ata os 5,2 MW de potencia unitaria.

Finalmente, solicítase que se lle dea traslado desta documentación á DXPC, se admita, e se teña por evacuado o trámite conferido, continuando a tramitación do parque eólico As Penizas ata o outorgamento das autorizacións solicitadas. Acompáñase o escrito cuns arquivos *shapefiles* da planta definitiva do parque eólico e un esbozo deste en formato jpg.

Unha vez analizados os documentos pódense facer as seguintes consideracións técnicas:

- Segundo as modificacións realizadas no deseño do parque eólico que se reflicten na documentación agora presentada, elimínase o aeroxerador AE-03, e, por tanto, o impacto deste sobre o contorno de protección específico delimitado no PXOM de Cerdedo-Cotobade para o xacemento arqueolóxico Mámoa da Lagoa do Medio (cód.GA36011060), e mais no contorno subsidiario (perímetro de 200 m) do Petróglifo (coviñas) da Lagoa do Medio, que foi documentado recentemente neste lugar (cód.GA36018122).
- Asemade, no relativo ao trazado na gabia de cableado proxectada dentro do contorno de protección do antedito xacemento arqueolóxico Mámoa da Lagoa do Medio, modifícase o trazado proxectado para a mesma, que discorrerá polo interior da pista forestal existente, e, por tanto, por terreos xa alterados e removidos pola construción da devandita pista. Cómpre indicar que o trazado da gabia deberá ser polo lado contrario a onde se sitúa o xacemento e que non poderá haber ningún tipo de remocións de terras fóra da caixa da pista forestal.
- Estímase que coas modificacións no deseño do Parque eólico As Penizas reflectidas nesta documentación, este é compatible coa protección e conservación do patrimonio arqueolóxico, se ben haberá que lembrar que coa obriga de cumprir as medidas protectoras e correctoras indicadas no EsIA e anexos complementarios deste presentados, e mais o resto de condicións e consideracións incluídas no informe da DXPC do 28.12.2022.

A DXPC dentro do ámbito das súas competencias, despois de ver os informes técnicos e tendo en conta o establecido na LPCG, emite o seguinte





INFORME

Á vista do exposto na documentación presentada e nas consideracións técnicas, estímase que as modificacións no deseño do Parque eólico As Penizas reflectidas na resposta do promotor do 30.12.2022 ao informe da DXPC do 28.12.2022 sobre o EsIA e PS do Parque eólico As Penizas, son compatibles coa protección e a conservación do patrimonio cultural, co cumprimento das medidas protectoras e correctoras indicadas no estudo de impacto sobre o patrimonio cultural e anexos complementarios deste presentados, e mais do resto de condicións e consideracións incluídas no devandito informe da DXPC do 28.12.2022. Por tanto, emítese un informe favorable da documentación presentada.

Documento asinado dixitalmente en Santiago de Compostela

A directora xeral de Patrimonio Cultural

M^a Carmen Martínez Ínsua

Servizo de Enerxía e Minas da Xefatura Territorial de Pontevedra. Vicepresidencia Primeira e Consellería de Economía, Industria e Innovación

